



DATOS IDENTIFICATIVOS

Unión Europea: Institucións e políticas

| | | | | |
|--------------------------|--|--------------|------------|--------------------|
| Materia | Unión Europea: Institucións e políticas | | | |
| Código | P04M125V11113 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Dirección pública e liderado institucional | | | |
| Descritores | Creditos ECTS 6 | Sinale OB | Curso 1 | Cuadrimestre 1c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly Castelán | | | |
| Departamento | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía | | | |
| Coordinador/a | López Viso, Mónica Cordal Rodríguez, Constantino | | | |
| Profesorado | Cordal Rodríguez, Constantino López Viso, Mónica | | | |
| Correo-e | tinocordal@uvigo.gal mviso@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| A5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo |
| B3 | Capacidade de realizar reflexións e análises críticos sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| C6 | Coñecer o funcionamento da UE e as súas principais políticas |
| D1 | Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria |
| D2 | Capacidade para comunicarse en lingua galega |
| D3 | Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos |
| D5 | Capacidade de crítica e auto-crítica |
| D8 | Habilidade de aprendizaxe autodirixido e traballo autónomo no campo das ciencias sociais |

Resultados previstos na materia

| | |
|---------------------------------|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---|

| | |
|--|--|
| Describir e avaliar a organización e o funcionamento institucional da Unión Europea e as súas políticas e valorar o impacto das políticas e decisións europeas a nivel nacional, pero nun contexto internacional | A1 A6 A5 C6 C14 D10 D1 D2 D3 D5 D8 |
|--|--|

| | |
|--|--|
| Identificar a configuración e evolución da Unión Europea, a súa estrutura institucional e as súas políticas, así como as relacións que mantén con outros actores internacionais. | A1 A6 A5 B3 C6 C14 D10 D1 D3 D5 D8 |
|--|--|

Contidos

| | |
|---|---|
| Tema | |
| Tema 1. | 1.1.1. Introducción á Unión Europea |
| 1. O proceso da construción europea: orixe e evolución. | 1.1.2. Xénese da idea europea. |
| | 1.1.3. Etapas da construción europea |
| Tema 1. | 1.2.1. Nocións básicas do sistema político e xurídico da Unión Europea |
| 2. O sistema institucional da Unión Europea. | 1.2.2. As principais institucións: Comisión Europea, Parlamento Europeo, Consello da Unión, Consello Europeo. |
| | 1.2.3. Outras institucións, organismos e axencias especializadas |
| Tema 2. | 2.1.1. As Políticas Públicas da UE. |
| 1. Políticas da Unión Europea I. | 2.1.2. A Política Agraria Común. |
| | 2.1.3. A Política Pesqueira Común. |
| | 2.1.4. A Política Rexional e de Cohesión Territorial. |
| | 2.1.5. A Política Social e de Emprego. |
| Tema 2. | 2.2.1 A Política Monetaria. |
| 2. Políticas da Unión Europea II. | 2.2.2 A Política Ambiental. |
| | 2.2.3 A Política Exterior e de Seguridade Común. |
| | 2.2.4. A Política de cooperación e axuda ao desenvolvemento. |
| | 2.2.5. Outras políticas da UE. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 0 | 6 | 6 |
| Traballo tutelado | 0 | 80 | 80 |
| Resolución de problemas | 0 | 34 | 34 |
| Foros de discusión | 0 | 10 | 10 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 0 | 10 | 10 |
| Traballo | 0 | 10 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|---|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver. |
| Traballo tutelado | O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc. |
| Resolución de problemas | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral. |

Foros de discusión Actividades desenvolvidas nun contorno virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|---|
| Traballo tutelado | Resolución das dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). |
| Resolución de problemas | Resolución das dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---------------|---------------------------------------|----|----|----------------|
| Resolución de problemas | As e os estudantes realizarán unha actividade final do tema 1, apartado 1. A actividade estará dirixida e supervisada polo equipo docente responsable e toda a información relativa á mesma mesma poderá consultarse na plataforma virtual de docencia | 25 | A1 A5 | B3 | C6 | D3 D5 D8 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | As e os estudantes realizarán unha actividade final do tema 1, apartado 2. A actividade estará dirixida e supervisada polo equipo docente responsable e toda a información relativa á mesma mesma poderá consultarse na plataforma virtual de docencia. | 35 | A1 A5 | B3 | C6 | D3 D5 D8 |
| Traballo | Proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe un ensaio ou traballo sobre a segunda parte da materia (tema 2). | 40 | A1 A5 | B3 | C6 | D1 D2 D5 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.

- Para superar a materia, os/as estudantes deberán aprobar cada proba evaluativa por separado, cun mínimo de cinco para poder sumar as notas obtidas en cada parte para determinar o resultado final.
- A información sobre as actividades evaluativas continua e global estará dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta "Avaliación" de cada tema.
- O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda oportunidade) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.
- Toda a información da materia estará dispoñible na plataforma Moovi. <https://moovi.uvigo.gal>
- Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada* do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

(*) A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPd no que o tratamento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario. O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cancela, Celso, **Instituciones y políticas de la Unión Europea: Aproximación a las políticas públicas de la UE**, Universidade de Vigo, 2021

Cordal, C.; Pardellas, X.; y, Cancela, C., **Política e Economía da Unión Europea**, Uniiversidade de Vigo, 2017

López Castillo, Antonio (Dtor.), **Instituciones y Derecho de la Unión Europea. Volumen I**, tirant lo blanch, 2020

Mangas, A. y Liñán, D, **Instituciones y derecho de la Unión Europea**, Tecnos, 2020

Bibliografía Complementaria

Brugmans, Henri, **La idea europea, 1920-1970**, Moneda y Crédito, 1920

Calvo Hornero, A., **Fundamentos de la Unión Europea**, Ramón Areces, 2019

Coman, Ramona; Amandine Crespy, Vivien A. Schmidt, **Governance and Politics in the Post-Crisis European Union.**, Cambridge University Press, 2020

Recomendacións